

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Concellería de Benestar Social

Bases reguladoras da concesión de axudas económicas para o acceso das persoas maiores aos comedores senior

BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ACCESO DAS PERSOAS MAIORES AOS COMEDORES SENIOR

O concello pleno en sesión do día 29 de abril de 2009 aprobou o regulamento de réxime interior para os comedores. Con data 18 de xuño de 2012 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases reguladoras de concesión de axudas económicas para o acceso das persoas maiores aos comedores senior no ano 2012. A Xunta de Goberno Local con data 2 maio de 2016 aprobou a modificación do artigo 3 das anteriores bases.

Dende esa data as circunstancias sociais xerais variaron e faise necesario proceder a unha revisión e redactar unhas novas bases tendo en conta ademais a apertura de máis comedores noutros barrios.

1.- Definición.

Os comedores senior para persoas maiores son servizos dirixidos á mellora do benestar e calidade de vida das persoas maiores potenciando un envellecemento saudable. Os obxectivos son:

- Facilitar unha alimentación adecuada
- Procurar un espazo relacional e de vínculos de amizade e relación coa comunidade

É una prestación económica no garantizable, é decir, non é esixible, para todos os cidadáns senón que está en función de cumprir uns requisitos e da dispoñibilidade orzamentaria:

2.- É un servizo do Concello de Ferrol

3.- Requisitos:

- Persoas maiores de 60 anos e os seus cónxuxes ou parellas de feito inscritas
- Empadramento e Residencia efectiva en Ferrol
- Ter autonomía para desenvolverse no comedor
- Non presentar problemas de comportamento que alteren o normal funcionamento da convivencia nos comedores

Documentación:

- Solicitud
- Fotocopia DNI e tarxeta sanitaria
- Fotografía tamaño carnet
- Xustificante dos ingresos económicos correspondentes ao ano da convocatoria de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia.
- Declaración da renda e patrimonio de todas as persoas residentes na unidade de convivencia.
- Autorización ao concello de Ferrol a solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria información de natureza tributaria.

Con independencia desta documentación o concello poderá esixir os documentos complementarios que, durante a tramitación do expediente, estime oportunos en relación coa presentación solicitada.

O persoal de Servizos Sociais municipais recabará de oficio, por si mesma ou a través doutras instancias, información relativa ao cumprimento dos requisitos de empadramento e doutros indispensables e non suficientemente acreditados.

Se as solicitudes fosen incompletas se requirirá á persoa solicitante para que en un prazo de 10 días complete dita documentación cos documentos preceptivos. No caso de que non o fixera se terá por desistida a súa solicitude.

O concello de Ferrol poderá realizar, de oficio, as actuacións de comprobación que resulten legalmente procedentes aos efectos de verificar a información referente á solicitude.

A resolución compete á Concelleira delegada da área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller a proposta do persoal técnico da concellería de Benestar Social.

O prazo máximo para a resolución será de tres meses, contados dende a data de solicitude. Transcurrido dito prazo as persoas interesadas poderán entender desestimadas súas solicitudes.

Prazos e forma de presentación das solicitudes:

O prazo estará aberto todo o ano.

As solicitudes se presentaran no Rexistro Municipal no modelo normalizado que se facilitará aos efectos.

Participación das persoas usuarias no financiamento:

- Subvención de acordo coa seguinte taboa:

Capacidade económica	Porcentaxe correspondente AO Concello	Participación no custo do servizo da persoa. Porcentaxe que corresponde á persoa beneficiaria
Menor do 0,80 IPREM	100,00 %	0,00 %
Maior do 0,80 IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	90,00 %	10,00 %
Maior do 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	80,00 %	20,00 %
Maior de 2 e menor ou igual a 2,50 IPREM	70,00 %	30,00 %
Maior de 2,50 IPREM	60,00 %	40,00 %

Obrigas das persoas usuarias do comedor senior:

- Manter en bo estado as instalacións
- Observar unha conducta de respecto mutuo e tolerancia tanto co persoal como cos demais asistentes aos comedores
- Coñecer as normas de hixiene e aseo persoal
- Non sacar fóra do local dos comedores calquera tipo de alimento que forme parte do menú diario servido pola empresa de catering.

Dereitos das persoas usuarias do comedor senior:

- A recibir os menús con arreglo ás súas necesidades previo informe médico
- A recibir atención sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía e calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social
- Manter o segredo dos datos da súa historia social e sanitaria
- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
- A calidade dos servizos e a presentaren queixas e suxestións á persoa coordinadora do servizo

Pérdida da condición de usuario/a:

- Por petición propia, é dicir, renuncia
- Por impago reiterado
- Por non observar unha conducta baseada no mutuo respecto e tolerancia
- Por ausencia sen aviso previo durante máis de 15 días
- Por non utilizar o comedor durante dous meses
- A vixencia da concesión da axuda ao comedor queda condicionada ás revisións do departamento de Benestar Social según se estimen oportunas.

Cráterios e Baremo:**Baremo:****Apoio Social (máximo 20 puntos)**

A persoa vive soa e carece de familiares e//ou redes distintas de apoio (20 puntos)	
A persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos)	
A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo/a (ata 12 puntos)	Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)
	Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)
	Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)
	Con incapacidade para organizarse (3 puntos)
	Total convivencia
Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)	
Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)	
Esta ben atendido (0 puntos)	

Total puntos apoio social	
---------------------------	--

Outros aspectos sociais (máximo total 20 puntos)

Vivienda (Total 10 puntos)	puntos
Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade: luz eléctrica, auga corrente, wc,neveira, quentador, lavadora... (8 puntos)	
Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 puntos)	

Integración no contorno (total 10 puntos)	puntos
Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)	
Ausencia de relacións sociais (6 puntos)	
Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)	
Integración axeitada no contorno (0 puntos)	

Total puntos outros aspectos sociais	puntos
--------------------------------------	--------

Total xeral	puntos
-------------	--------

Escala de situación económica. (máximo 20 puntos)

Menor de 0,80 IPREM	20
Maíor do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50	16
Maíor do 1,50 do IPREM e menor ou igual a 2	12
Maíor do 2 do IPREM E MENOR OU IGUAL A 2,5	8
Maíor do 2,5 do IPREM	4

Non procederá a concesión de subvencións nos seguintes casos:

Cando a persoa ou o seu cónxuxe ou parella de feito efectuara transmisións bancarias de bonos, accións, relectidas na declaración da renda.

Cando a persoa solicitante ou o seu cónxuxe ou parella de feito dispoña de rentas de capital superiores a 100 euros/ano.

Abono da axuda económica.-

O aboamento da axuda a cada unha das persoas beneficiarias se fará directamente á empresa previa presentación de certificación do número de comidas disfrutadas polas persoas beneficiarias da axuda obxecto desta convocatoria.

Consignación presupostaria.-

A concesión das axudas está condicionada á consignación presupostaria dispoñible nos orzamentos da concellería de Benestar Social.

Para o ano 2018, o orzamento máximo dispoñible ascende a contía de 93.324 € co 10% do IVE incluído con cargo a partida 04001 2315 22799

Ferrol, 08 de xuño de 2018

A concelleira delegada da área de Mocidade, Benestar Social, Igualdade e Muller

Asdo.: Saínza Ruíz Ferreño

2018/5065